

# BANDO

## A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS FAI SABER

O Concello de Salceda de Caselas, ante a expansión que se está a vivir do novo coronavirus (Covid-19), e tralo decreto polo que se declara o estado de alarma, ven de adoptar as seguintes medidas para o Concello de Salceda de Caselas:

- Suspensión de tódalas actividades culturais, deportivas, festivas, formativas, etc., así como do mercado semanal dos mércores.
- Suspensión da atención ao público presencial en tódolos edificios municipais, agás no departamento da Policía Local. Mantense a atención telefónica ou a través da sede electrónica.
- Instauración do teletraballo no cadro de persoal do Concello naqueles casos en que sexa posible, así como salvagarda do persoal en situación de risco.
- Precintado dos parques infantiles do casco urbano e das diferentes parroquias.
- Eliminación da denominada “zona azul” para aparcamento durante o estado de alarma.
- Recomendación ao tecido industrial e comercial de Salceda que teñan permitida a apertura de que apliquen medidas de responsabilidade e contención social.
- Recomendación á poboación de que se deben extremar as medidas de hixiene, con lavados frecuentes de mans con auga e xabón.
- Lémbrese a toda a veciñanza que o decreto polo que se declara o estado de alarma supón a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento en que perda vixencia o decreto ou as súas posibles prórrogas.

Estas medidas manteranse mentres as administracións autonómica e estatal non comuniquen o cambio de situación. Lémbrese que a responsabilidade individual é a mellor arma para combatir o coronavirus.

A vosa alcaldesa, xunto coa corporación municipal e o cadro de persoal do Concello, traballamos coordinadamente co persoal sanitario do centro de saúde para ofrecer o mellor servizo para a veciñanza. Sumando os esforzos de todos e todas sairemos adiante.

### CONTACTOS:

Casa do Concello: 986349003 [alcaldia@salcedadecaselas.gal](mailto:alcaldia@salcedadecaselas.gal)

Servizos sociais: 986343368 [servizossociais@salcedadecaselas.gal](mailto:servizossociais@salcedadecaselas.gal)

Casa da Cultura Castela: 986340543 / 628579097 [biblioteca@salcedadecaselas.gal](mailto:biblioteca@salcedadecaselas.gal)

OMIX/OMIC: 986340543 / 628579097 [omix@salcedadecaselas.gal](mailto:omix@salcedadecaselas.gal)

CDL O Torrón: 986347864 [tle@salcedadecaselas.gal](mailto:tle@salcedadecaselas.gal)

Deportes: 986349513 / 680400978 [deportes@salcedadecaselas.gal](mailto:deportes@salcedadecaselas.gal)

Policía Local: 639821377 [policia@salcedadecaselas.gal](mailto:policia@salcedadecaselas.gal)

Logopeda: 986340862 [logopeda@salcedadecaselas.gal](mailto:logopeda@salcedadecaselas.gal)

Servizo de atención temperá: 680400979 [atenciontemprana.salceda@aceesca.com](mailto:atenciontemprana.salceda@aceesca.com)

Xulgado: 986349466

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

